

2020

PROPOSTAS PARA UNHA ESTRATEXIA TRANSVERSAL DE DEMENCIAS EN GALICIA



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

INTRODUCCIÓN

A aparición de enfermidades que desenvolven unha demencia neurodexenerativa, entre a que destaca o alzhéimer, están relacionadas co proceso de envellecemento e se ben os seus inicios comezan moito tempo antes dos 65 anos, os seus efectos máis notables actualmente prodúcense na maioría dos casos con posterioridade a esa idade.

Esta realidade, xunto coa da estrutura poboacional de Galicia (cun 25% de persoas maiores de 65 anos, e inferido 41% no 2050, segundo o INE), sitúan á nosa comunidade autónoma nunha situación crítica ante estas enfermidades e de potencial referente ante o resto de Europa, dado que o seu futuro poboacional segue o mesmo camiño.

O diagnóstico dunha demencia neurodexenerativa produce un efecto transformador na vida do doente e da súa familia que altera profundamente as dinámicas persoais e doméstica de todas as persoas achegadas.

Son moitos os factores a ter en conta cando se fala de atención ás demencias neurodexenerativas, pero dende todas as perspectivas posibles sempre se debe abordar dende a visión do binomio PERSONA ENFERMA – PERSONA(S) COIDADORA(S).

Partindo deste binomio son tres as visións que deben terse en conta no abordaxe das demencias:

- Investigación
- Prevención
- Atención ás persoas doentes e as súas familias

E se ben o punto de partida é o binomio PERSONA ENFERMA-PERSONA COIDADORA, o punto de destino é crear unha SOCIEDADE COMPROMETIDA COAS PERSOAS MAIORES.

E para crear esta sociedade consciente e comprometida é preciso abordar unha realidade como a das demencias dende todos os ámbitos.

INTRODUCCIÓN

Dende a Federación Alzheimer Galicia promovemos a creación dunha Estratexia Transversal de Atención as Demencias Neurodexenerativas onde todos os sectores da nosa sociedade estean comprometidos coas persoas afectadas.

É por elo que a elaboración deste documento de primeiras propostas de traballo sigue unha estrutura relacionada coa organización da Xunta de Galicia, agrupando diferentes iniciativas segundo diversas competencias.

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

As competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sitúan a este departamento no centro da defensa das persoas cunha demencia e as súas familias dende a perspectiva de coordinación das diferentes administracións (aliñamento coas políticas de estado en demencias, coordinación cos concellos, etc.) ata a defensa dos seus dereitos pasando polo recoñecemento especial ante situación de risco ou indefensión das persoas afectadas.

SEGURIDADE E EMERXENCIAS

Cada ano son máis os casos de persoas desaparecidas cunha demencia neurodexenerativa, nestes casos os protocolos e tempos de reacción son fundamentais dado que os efectos cognitivos e psicolóxicos da demencia fan que as primeiras horas de actuación sexan fundamentais.

Na mesma liña está a formación das forzas de seguridade que precisan ter coñecementos concretos de como identificar e actuar ante situacións relacionadas con persoas cunha demencia neurodexenerativa.

PROTECCIÓN XURÍDICA

A evolución dunha demencia neurodexenerativa é diferente dunha persoa a outra e con cambios importantes nos que as persoas coidadoras teñen que facer fronte a unha serie de decisións que precisan un respaldo xurídico.

As políticas de empoderamento das persoas cunha discapacidade ou dependencia están encamiñadas a manter e respectar o maior tempo posible a capacidade de obrar das persoas promovendo accións que respecten as decisións das persoas afectadas e as persoas que exercen de coidadoras principais.

ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA

IGUALDADE

O perfil das persoas coidadoras en Galicia segue sendo maioritariamente feminino e o cambio dos modelos familiares requiren políticas activas de conciliación, formación e sensibilización en materia de igualdade e corresponsabilidade nos cuidados de persoas cunha demencia.

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

A colaboración e posta en marcha de iniciativas entre diferentes países e rexións é, na actualidade, un factor fundamental para o desenvolvemento de novas iniciativas.

A colaboración e proba de iniciativas contra as demencias noutros países, especialmente en aqueles en vía de desenvolvemento, promoverán e validarán as políticas de loita contra as demencias.

LIÑAS DE TRABALO

- Formación de política local e autonómica
- Formación de 112, protección civil e bombeiros
- Tempo de reacción do persoal de emerxencia ante enfermo desaparecido
- Protección xurídica do enfermo e da familia ante unha demencia
- Igualdade: conciliación ante os cuidados dunha persoa cunha demencia
- Cooperación internacional

ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA E EMPREGO

As políticas sociais, e en especial as políticas de atención as persoas maiores, son un eixo fundamental das estratexias da Unión Europea nas súas diferentes vertentes.

Así pode promoverse que nas diferentes liñas de acción de fondos europeos atendendo ós diferente obxectivos ós que están orientados: FSE, FEDER e FEADER.

O desenvolvemento de actividades de prevención da dependencia e promoción do sector económico vencellado á atención ás persoas cunha demencia neurodexenerativa como unha oportunidade de creación de emprego e retorno das inversións

LIÑAS DE TRABAJO

- Vinculación de fondos estruturais e fondos FSE, FEDER, FEADER
- Cláusulas sociais en contratos coa administración
- Prioridade en maiores e dependencia en axudas á contratación
- Desenvolvemento sector económico da dependencia en materia de demencias neurodexenerativas

MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO, INFRAESTRUCTURA, MOBILIDADE VIVENDA

Un territorio como o de Galicia, caracterizado por unha alta dispersión en multitude de unidades poboacionais de pouca densidade e altamente envellecidas, ten que afrontar políticas singulares de atención as persoas maiores.

Promover iniciativas para promover que as persoas maiores se manteñan o máximo posible nos seus contornos e vincular coa iniciativa Cidades Amigables coas Persoas Maiores e facilitar o acceso a medios de comunicación (teleasistencia dixital) e transporte que promovan a participación nos diferentes recursos de atención.

LIÑAS DE TRABALO

- Contornos amigables coas persoas maiores
- Comunicación e transporte
- Teleasistencia dixital
- Prevención e detección precoz no medio rural
- Unidades de media estancia no medio rural

EDUCACIÓN, CULTURA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

A estrutura das familias galegas ven de adaptarse a unha transformación social con novos modelos familiares e cun risco de ruptura das relacións familiares debido á dispersión das familias por motivos laborais.

É preciso traballar no eido da sensibilización interxeracional para promover a sensibilidade e corresponsabilidade nas relacións interxeracionais e promover unha sociedade comprometida a nivel familiar e social ademais de ensinar campos de desenvolvemento da vida laboral.

LIÑAS DE TRABAJO

- Sensibilización interxeracional
- Formación de profesionais do sector socio-sanitario
- Interxeracional e corresponsabilidade

POLÍTICA SOCIAL

Galicia é unha comunidade con un sistema de prevención da dependencia moi desenvolvido e punteira en iniciativas como a Rede Pública de Centros de Día Especializados en Demencias ou a Carteira de Servicios de Prevención da Dependencia Especializada en Demencias.

Estas liñas de traballo deben desenvolverse axeitando cada tipo de servizo á realidade de cada zona do territorio galego.

A formación das familias cuidadoras para afrontar mellor a tarefa dos cuidados da persoa cunha demencia e evitar problemas de saúde ou conflitos familiares derivados do impacto das labores do cuidado.

Así mesmo deben complementarse con iniciativas de envellecemento activo que promovan a prevención e detección precoz das demencias.

No eido dos profesionais, son os do sector social os que poden detectar situacións de alerta e risco de demencias en fases iniciais que permitan unha intervención sociosanitaria temperá. Para elo é precisa unha formación específica en identificación, atención e estratexias de intervención específicas neste eido.

LIÑAS DE TRABAJO

- o Formación de profesionais
- o Afianzamento e desenvolvemento de centros específicos en demencias
- o Envellecemento activo
- o Protocolo en att. Primaria de SS.SS.
- o Investigación social en materia de demencias
- o Prevención e detección precoz das demencias e do deterioro cognitivo leve
- o Posta en marcha dunha estratexia específica para cuidadores familiares
- o Programas vencellados a Centros Sociais e de Maiores

SANIDADE

A perspectiva de incidencia das demencias nos vindeiros anos fai da súa atención sanitaria unha prioridade asistencial marcada por unidades especializadas e pola coordinación co resto do sistema sanitario e sector asociativo especializado.

A investigación e recoñecemento das terapias non farmacolóxicas como tratameto complementario ó farmacolóxico e a formación dos profesionais dos diferentes niveis sanitarios para promover unha eficiente xestión de recursos en beneficio dunha calidade asistencial son elementos chave para unha atención centrada na persoa atendendo á sensibilidade do doente e da familia

LIÑAS DE TRABALO

- o Prioridades do SERGAS
- o Creación de unidades de demencia na rede hospitalaria pública de Galicia
- o Plan específico de intervención clínica de demencias
- o Inclusión no Plan de atención á cronicidade
- o Protocolo específico en att. Primaria
- o Investigación en materia de demencias
- o Prevención e detección precoz das demencias e do deterioro cognitivo leve
- o Mapa das demencias de Galicia
- o Recoñecemento das Terapias Non Farmacolóxicas
- o Coordinación coa rede de asociacións para a atención